

Poesía e Teatro

Ludismo creativo

PAULA FERNÁNDEZ

Un xogo coas palabras é *Falou un queixo*, o libro dacabalo entre a poesía e o teatro que vén de publicar a escritora alemá establecida na Coruña dende hai moitos anos Heidi Kühn-Bode (Eching, Bavaria, 1945). E digo dacabalo porque as once composicións que compoñen o volume conxugan o diálogo, a conversa entre varios animais as máis das veces, coa poesía e moitas características e recursos propios desta, tales como rima, ritmo, paralelismos, hipérbolos ou aliteracións.

Cada un destes capítulos amósanos un xeito de xogar coas palabras, coa imaxinación e nalgunhas ocasións mesmo co absurdo. Así, unha presentación adoita introducir un personaxe que despois comeza un diálogo con outro e que nunca sabemos como pode rematar.

Queixos, cabalos, moscas, cucos, ras, patacas, raposas, a Terra, vermes, corvas, cabuxas, bruxas ou sardiñas fan uso da palabra nas páxinas de *Falou un queixo*. Convértense nas voces poéticas de

aloucas e fondas conversas. Algunhas de contido máis intenso como por exemplo a de Leo coa súa irmá a Lúa e outras máis humorísticas como a da mosca que remata afundida na marmelada.

Mais sexa cal sexa o motivo principal de cada unha o que é común é o suxestivo emprego da linguaxe poética en rimas consecutivas que de súpeto se rompen e que conseguen un ritmo áxil, apoiado á súa vez no contido e no uso de verbos de acción e movemento que dotan o texto de vi-

da e dinamismo. Polo que é doado imaxinar ben unha guerra dialéctica en verso entre unha corva e unha poeta brasileira ou bem un queixo de bóla cantando e bailando coa nena Milena. Mais tamén é de salientar o emprego do léxico e as brincadeiras con sinónimos que chegan até se converter no tema principal dalgunha das composicións onde se xoga con palabras como fachinela, clara-boia, fiestra ou ventá, á beira de moitas outras semellantes que rematan por dar sentido a unha case que surrealista conversa.

Incide xa que logo este orixinal poemario dialogado no carácter lúdico e creativo da linguaxe, na posibilidade de crear unha atmosfera irreal e fantástica mais crible e doada de interiorizar ao tempo conxugando palabras e situacións anómalas.

Unha obra diferente dunha autora interesante que malia ser alemá sentiu a necesidade de aprender, falar, escribir e rematar facendo súa a lingua galega. *KÜHN-BODE, Heidi, Falou un queixo, Ed. Galaxia, Vigo, 2009, PVP 12,80€*

